



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

R.P.2025 / 33743. Concesión definitiva do Programa FO215/2025

ANUNCIO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO215: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A FUNDACÍONS, ENTIDADES TITULARES DE MUSEOS, CENTROS DE INTERPRETACIÓN OU BIBLIOTECAS E ENTIDADES CON FUNCIÓN DE REPRESENTACIÓN SECTORIAL E COLECTIVA DAS PERSOAS E/OU ENTIDADES DOS ÁMBITOS PROFESIONAIS E AMADORES DA CULTURA GALEGA PARA REALIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2025

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

Primeiro.– Mediante resolución da Presidencia número 21558, do 5 de maio de 2025, publicada no BOP do 8 de maio de 2025, procedeuse á concesión provisional das subvencións da convocatoria FO215: Programa de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega, para a realización de actividades culturais durante o ano 2025.

Segundo.– Coa resolución de concesión provisional abriuse un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que as entidades solicitantes puidesen comunicar, se era o caso, a desistencia da solicitude, presentar unha solicitude de reformulación da subvención, alegacións ou emendas de erros.

Durante este prazo presentaron alegacións ou desistencias as seguintes entidades:

- A entidade **Fundación Amparo Varela Ron** (expediente 2025000001394) desistiu da solicitude, que fora desestimada provisionalmente.
- As seguintes entidades presentaron alegacións, que foron revisadas pola Unidade Xestora e, cando foi necesario, pola Comisión Técnica:

Expediente / Entidade	Alegacións
2025000002206 Fundación Compostela Arquitectura	A entidade alega que tivo dous traballadores no ano 2024, que ten dous perfís de redes sociais e publicado un libro o ano pasado.
2025000001607 Fundación Rogelio Groba	A entidade solicita revisión da puntuación
2025000051397 Museo Etnográfico Monte Caxado	A entidade solicita revisión da puntuación tendo en conta a traxectoria e relevancia cultural, o mantemento da programación e a calidade e continuidade da actividades realizadas e a difusión en redes sociais.
2025000002192 Arzobispado de Santiago de Compostela	A entidade alega que aínda que se exclúa da solicitude a restauración do sepulcro a memoria incluía unha segunda actividade que é subvencionable no programa FO215 e solicita modificación do orzamento.
2025000000861 Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco	Que presentou documentación antes da publicación da resolución de concesión provisional solicitando a modificación do importe solicitado modificando o porcentaxe do orzamento e solicita revisión da puntuación obtida na valoración da comisión técnica

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Admitir a desistencia da solicitude presentada pola Fundación Amparo Varela Ron.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas polas entidades que se relacionan a continuación, polos motivos que se indican:

Expediente / Entidade	Alegacións	Motivos da desestimación
2025000002206 Fundación Compostela Arquitectura	A entidade alega que tivo dous traballadores no ano 2024, que ten dous perfís de redes sociais e publicado un libro o ano pasado.	A entidade na solicitude manifestaba na memoria que non tiña persoal propio contratado en nómina; que tiña unha rede social (Facebook) e no apartado publicación periódica non engadiu fotografía/pantallazo da publicación polo que non queda acreditado. A concesión das subvencións realízase mediante un réxime de concorrencia competitiva. Nesta fase do procedemento non se pode valorar a nova documentación.
2025000001607 Fundación Rogelio Groba	A entidade solicita revisión da puntuación	Revisado de novo o expediente pola unidade xestora e pola comisión técnica non procede a modificación na puntuación. Á entidade se lle notificou a puntuación obtida e a valoración da comisión técnica.
2025000051397 Museo Etnográfico Monte Caxado	A entidade solicita revisión da puntuación tendo en conta a traxectoria e relevancia cultural, o mantemento da programación e a calidade e continuidade da actividades realizadas e a difusión en redes sociais.	Revisado de novo o expediente pola comisión técnica non procede modificación na puntuación.

Terceiro.- Estimar as alegacións presentadas polas entidades que se relacionan a continuación, polos motivos que se indican:

- **Arzobispado de Santiago de Compostela**, expediente 2025000002192

A entidade alega que aínda que se exclúa da solicitude a restauración do sepulcro a memoria incluía unha segunda actividade que é subvencionable no programa FO215 e solicita modificación do orzamento.

Estímanse as alegacións respecto ao indicado pola entidade e modifícase o orzamento de acordo co indicado pola entidade.

O expediente remítese a comisión técnica outorgándolle 48 puntos. A entidade en total consegue 66 puntos no seu expediente polo que procede propoñer conceder o importe correspondente de acordo cos tramos dos importes a conceder segundo a puntuación obtida.

- **Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco**, expediente 2025000000086

A entidade presenta a seguintes alegacións:

- a) Que presentou documentación antes da publicación da resolución de concesión provisional solicitando a modificación do importe solicitado modificando o porcentaxe do orzamento.

Estímanse as alegacións, na solicitude modifícase a porcentaxe solicitada porque o documento foi presentado con data 4 de abril de 2025, antes da publicación da resolución de concesión provisional.

- b) Solicita revisión da puntuación obtida na valoración da comisión técnica, xa que a entidade cree que non están ben valorados o apartado da traxectoria e o proxecto do investimento.

A comisión de acordo coas alegacións presentadas estima a solicitude e eleva a puntuación asignada á traxectoria e ao interese do proxecto, incrementando un punto en cada un deses criterios a respecto da valoración inicial. Así mesmo, decidiu manter a puntuación outorgada non que se refire ao enfoque social do proxecto.

A entidade obtén na puntuación técnica un total de 36,99 incrementase dous puntos sobre a puntuación inicial. Na puntuación total obtén 53,99 puntos polo que procede propoñer conceder o importe de concesión de acordo cos tramos do importes a conceder segundo a puntuación obtida.

Cuarto.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO215: Programa de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais durante o ano 2025, seguintes:

- A. Entidades representativas dos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega.

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOC. GALEGA ANTROPOLOXIA SOCIAL E CULTURAL NIF: G15430820 Cod. Exp.: 2025000001684 Obxecto: Seminarios Agantro 2025: Novas ferramentas para facer antropoloxía hoxe III. 3ª edición	6.994,00	0,8000	8.742,50
Beneficiario: ASOCIACION ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL NIF: G15844145 Cod. Exp.: 2025000001862 Obxecto: IX Edición dos Premios María Luz Morales de Ensaio e Videoensaio sobre Audiovisual e III Foro da Industria Galega do Audiovisual (FIGA).	24.000,00	0,3458	69.404,28
Beneficiario: ASOCIACION CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO NIF: G15891260 Cod. Exp.: 2025000001676 Obxecto: Pitching I+P, Ideas para Producir 2025: Xornada de presentación de proxectos audiovisuais e reunións one to one con compradores.	19.148,43	0,6780	28.242,52
Beneficiario: ASOCIACION COORDINADORA GALEGA DE FESTIVAIS DE CINEMA NIF: G70560107 Cod. Exp.: 2025000001832 Obxecto: Financiamento do plan de actividades para o 2025 da Asociación Proxecta - Coordinadora Galega de Festivais de Cinema.	11.988,60	0,8000	14.985,75
Beneficiario: ASOCIACION DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA NIF: G15089410 Cod. Exp.: 2025000002229 Obxecto: XXIX Premios de Teatro María Casares	20.400,00	0,2988	68.273,09
Beneficiario: ASOCIACION DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA NIF: G15039936 Cod. Exp.: 2025000001391 Obxecto: Proxecto de actividades da AELG para o ano 2025	24.000,00	0,5732	41.870,20
Beneficiario: ASOCIACION DE PROFESIONAIS DE CIRCO DE GALICIA NIF: G70315320 Cod. Exp.: 2025000001803 Obxecto: Proxectos APCG 2025	5.036,49	0,4983	10.107,34
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS NIF: G15128275 Cod. Exp.: 2025000001705 Obxecto: Realización de obradoiros de demostración de oficios durante o verán do 2025	5.548,40	0,8000	6.935,50
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE EDITORAS NIF: G15130594 Cod. Exp.: 2025000001055 Obxecto: Accións para a posta en valor do sistema editorial galego e das nosas letras en 2025	10.845,00	0,8000	13.556,25
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS NIF: G36998045 Cod. Exp.: 2025000002147 Obxecto: IV Xornada de Formación e Premios da industria musical de Galicia	12.000,00	0,4799	25.005,21
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE PRODUCTORAS INDEPENDENTES NIF: G15507239 Cod. Exp.: 2025000000819 Obxecto: Programa de actividades AGAPI 2025	19.720,00	0,7983	24.702,49
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACION (IGA) NIF: G15744105 Cod. Exp.: 2025000002056 Obxecto: Proxecto de actividades da AGPI para o ano 2025	5.129,38	0,8000	6.411,73
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTION CULTURAL NIF: G27393263 Cod. Exp.: 2025000001905 Obxecto: O papel da xestión cultural no fortalecemento da cultura	7.620,00	0,8000	9.525,00
Beneficiario: DAG. ASOCIACION GALEGA DE DESEÑO NIF: G70062278 Cod. Exp.: 2025000002247 Obxecto: Desenvolvemento do Arquivo Dixital do Deseño Galego e produción da segunda temporada do podcast Rexistro Sonoro do Deseño Galego / Proxecto AR\DE	6.955,08	0,8000	8.693,85
Beneficiario: EMISORAS MUNICIPAIS GALEGAS NIF: G15211790 Cod. Exp.: 2025000001984 Obxecto: Radio local e podcast. Aproveitando o auxe do audio	20.979,00	0,7724	27.160,80

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE BANDAS DE MUSICA POPULARES NIF: G15110893 Cod. Exp.: 2025000002261 Obxecto: Iniciativas 2025 FGBMP para a mellora da formación e visibilización das bandas de música populares	24.000,00	0,5274	45.506,26
Beneficiario: FEDERACION LIBREROS DE GALICIA NIF: V15038458 Cod. Exp.: 2025000002126 Obxecto: Organización das Feiras do libro na provincia de A Coruña, nos concellos de Ferrol, Santiago de Compostela, Rianxo e A Coruña	21.000,00	0,8000	26.250,00

Total modalidade: 245.364,38 €.

- B. Fundacións e entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas.

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: R1500020A Cod. Exp.: 2025000002192 Obxecto: Bernardo II e a memoria da Compostela Medieval. Proxecto de recuperación do sepulcro do arcebispo Bernardo II (+1240) na Colexiata de Sar, Santiago de Compostela.	21.000,00	0,8000	26.250,00
Beneficiario: ASOCIACION PATRONATO MUSEO ETNOGRAFICO DA CAPELA NIF: G15788631 Cod. Exp.: 2025000001144 Obxecto: Saberes de antes 2025	9.282,00	0,8000	11.602,50
Beneficiario: CENTRO ESTUDIOS MELIDENSES-MUSEO TERRA MELIDE NIF: G15229982 Cod. Exp.: 2024000051163 Obxecto: Programa de actividades culturais do Museo da Terra de Melide para o ano 2025	17.064,00	0,8000	21.330,00
Beneficiario: FUNDACION 10 DE MARZO NIF: G15338080 Cod. Exp.: 2025000001806 Obxecto: Actividades Fundación 10 de Marzo (Arquivo, exposicións, edición de libro e premios)	14.825,34	0,8000	18.531,68
Beneficiario: FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS NIF: G15705262 Cod. Exp.: 2025000001160 Obxecto: Impulso do programa de actividades da Fundación Antonio Fraguas Fraguas. Realización de vídeo, curso de formación e publicación	8.450,00	0,7784	10.855,60
Beneficiario: FUNDACION ARAGUANEY PUENTE DE CULTURAS NIF: G15075229 Cod. Exp.: 2025000001578 Obxecto: Ciclo Cinema baixo as bombas	5.362,50	0,6535	8.205,81
Beneficiario: FUNDACION BENEFICO DOCENTE FERNANDO BLANCO NIF: G15290828 Cod. Exp.: 2025000000861 Obxecto: Programación cultural 2025	4.081,35	0,3900	10.465,00
Beneficiario: FUNDACION BIBLIOTECA DE LA CASA CONSULADO NIF: G15028160 Cod. Exp.: 2025000002060 Obxecto: Catalogación de gravados e dixitalización, ciclos de conferencias e exposicións de fondos bibliográficos	13.813,80	0,8000	17.267,25
Beneficiario: FUNDACION BRANDOMIL NIF: G70564265 Cod. Exp.: 2025000000596 Obxecto: Estudo de achados arqueolóxicos e análise de diversas mostras; Prospección xeofísica en Agra da Pedra do Altar en Brandomil e Punto de Información Cultural da zona da ponte vella de Brandomil	18.000,00	0,8000	22.500,00
Beneficiario: FUNDACION CARLOS CASARES NIF: G36907244 Cod. Exp.: 2025000002169 Obxecto: Literatura, imaxe e humor. Actividades da Fundación Carlos Casares 2025	7.650,00	0,4976	15.373,79

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FUNDACION CASTELAO NIF: G15099252 Cod. Exp.: 2025000001533 Obxecto: Coordinacion do ano Castelao	24.000,00	0,8000	30.000,00
Beneficiario: FUNDACION CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: G70178603 Cod. Exp.: 2025000001787 Obxecto: Mestre Mateo, Proxecto de investigación, catalogación e difusión 2025	21.000,00	0,8000	26.250,00
Beneficiario: FUNDACION CENTRO INTERNACIONAL DE LA ESTAMPA CONTEMPORANEA NIF: G15600976 Cod. Exp.: 2025000001821 Obxecto: Formación en Arte Gráfica en Galicia. 4 Cursos Anuais	21.000,00	0,8000	26.250,00
Beneficiario: FUNDACION DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORANEAS (DIDAC) NIF: G70514906 Cod. Exp.: 2025000002037 Obxecto: Programación Fundación DIDAC 2025 / Proxecto Arteria Galicia	21.000,00	0,8000	26.250,00
Beneficiario: FUNDACION EDUARDO PONDAL NIF: G70262951 Cod. Exp.: 2025000001824 Obxecto: O dezasete	15.184,00	0,8000	18.980,00
Beneficiario: FUNDACION EUGENIO GRANELL NIF: G15520422 Cod. Exp.: 2025000001485 Obxecto: Actividades para o 30 aniversario da Fundación Eugenio Granell 2025	24.000,00	0,8000	30.000,00
Beneficiario: FUNDACION GALIZA SEMPRE NIF: G15702913 Cod. Exp.: 2025000000164 Obxecto: Actividade FGS 2025	7.497,75	0,8000	9.372,19
Beneficiario: FUNDACION GONZALO TORRENTE BALLESTER NIF: G15702939 Cod. Exp.: 20250000002084 Obxecto: Subvencion para gastos directos para actividades y generales de la FGTB	18.000,00	0,7149	25.178,35
Beneficiario: FUNDACION LUIS TILVE NIF: G15169949 Cod. Exp.: 2025000001153 Obxecto: Proxecto de recuperación, catalogación, clasificación, conservación e difusión do Patrimonio Histórico Documental do movemento obreiro para o ano 2025	21.000,00	0,8000	26.250,00
Beneficiario: FUNDACION MANUEL MARIA DE ESTUDOS GALEGOS NIF: G70109376 Cod. Exp.: 2025000001861 Obxecto: Actividade cultural para a difusión da obra e figura de Manuel María	27.000,00	0,7933	34.035,04
Beneficiario: FUNDACION MONCHO REBOIRAS PARA O ESTUDO E A DIVULGACION DA REALIDADE SOCIAL E SINDICAL NA GALIZA NIF: G15938632 Cod. Exp.: 2025000002074 Obxecto: Centro de documentación do sindicalismo nacionalista galego - Catalogación e dixitalización / 8º FASE - 2025	18.000,00	0,7000	25.714,29
Beneficiario: FUNDACION MUSEO ARTES GRABADO ESTAMPA DIGITAL NIF: G15798168 Cod. Exp.: 2025000001171 Obxecto: Rexistro, inventario e catalogación de fondos - Obradoiros de gravado - Mantemento de coleccións museográficas - Publicidade e propaganda - Exposicións	24.000,00	0,8000	30.000,00
Beneficiario: FUNDACION PAIDEIA GALIZA NIF: G15798655 Cod. Exp.: 2025000002042 Obxecto: Concurso de bandas emerxentes	13.443,75	0,5999	22.409,98
Beneficiario: FUNDACION ROGELIO GROBA NIF: G36433712 Cod. Exp.: 2025000001607 Obxecto: IV Noites na Cidade Vella. Ciclo de concertos	11.837,40	0,3777	31.340,75
Beneficiario: FUNDACION ROSALIA DE CASTRO NIF: G15040850 Cod. Exp.: 2025000002070 Obxecto: Actividades na Casa de Rosalía 2025	24.000,00	0,8000	30.000,00

Total modalidade: 410.491,89 €.

Total concedido: 655.856,27 €.

Quinto.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Sexto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Sétimo.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3341/481, fase A, operación número 220250034599, importe: 655.856,27 €

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Oitavo.- No cumprimento das obrigas contables establecidas no apartado f) do artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvención e consonte ao previsto no artigo 6.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP número 185, do 25 de setembro de 2024) a entidade beneficiaria deberá incorporar necesariamente á Memoria da Conta xeral do exercicio un estado demostrativo de todos os gastos realizados e dos ingresos obtidos especificamente para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada, sexan de carácter público ou privado. Dita Memoria, xuntamente cos demais estados contables, deberá recibir a aprobación da asemblea ou órgano similar de representación.

Noveno.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO215: Programa de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais durante o ano 2025, aos entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ACADEMIA GALEGA DE TEATRO NIF: G70539747 Cod. Exp.: 2025000000545 Obxecto: Declaración de Capitais Xenlleiras do Teatro Galego 2025 e premios da Academia Galega de Teatro 2025.	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total
Solicitante: AGRUPACION FOLCLORICA SEMENTES DO ARTE NIF: G15071293 Cod. Exp.: 2025000001817 Obxecto: Preservación e Difusión do Legado de Juanjo Liñares e estudo sobre o folclore galego e español. Obxectivo principal: Recopilar, investigar e difundir a traxectoria do bailarín Juanjo Liñares, destacando o seu labor na promoción da cultura tradicional	A entidade non se inclúe nas modalidades previstas para a presentación de solicitudes.
Solicitante: ASOCIACION CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO NIF: G15891260 Cod. Exp.: 2025000001267 Obxecto: Pitching I+D, Ideas para Producir 2025: Xornada de presentación de proxectos audiovisuais e reunións one to one con compradores.	Presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria.
Solicitante: ASOCIACION CULTURAL OS XEITOSOS DE TRAZO NIF: G15380355 Cod. Exp.: 2025000001755 Obxecto: Investigación, recuperación e difusión das cantigas, bailes tradicionais e testemuños orais das persoas relacionadas con estas prácticas culturais no Concello Trazo	A entidade non se inclúe nas modalidades previstas para a presentación de solicitudes.
Solicitante: ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCENICAS NIF: G15834773 Cod. Exp.: 2025000002152 Obxecto: Proxecto sectorial de promoción e difusión das artes escénicas galegas.	Non acadar un mínimo de 30 puntos na puntuación da Comisión Técnica
Solicitante: FUNDACION AMPARO VARELA RON NIF: G70596408 Cod. Exp.: 2025000001394 Obxecto: Accións culturais, socias e artísticas da Fundación Amparo Varela Ron 2025	Non acadar un mínimo de 30 puntos na puntuación da Comisión Técnica
Solicitante: FUNDACION COMPOSTELA ARQUITECTURA NIF: G70290705 Cod. Exp.: 2025000002206 Obxecto: Programa Compostelas	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total
Solicitante: FUNDACION GLOBO DE SAN ROQUE NIF: G70587472 Cod. Exp.: 2025000002205 Obxecto: Promoción do Globo de S.Roque	Por non contestar ao requerimento de subsanación, enviado o día 30 de xaneiro de 2025.

Solicitudes	Motivo
Solicitante: FUNDACION OLGA GALLEGO NIF: G70402698 Cod. Exp.: 2025000001884 Obxecto: Edición dixital dunha compilación dos traballos publicados por Olga Gallego Domínguez no Boletín Auriense e nos seus anexos e organización do IV Encontro Olga Gallego de Arquivos	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total
Solicitante: FUNDACION PAZOS CUCHILLO DE PAZOS NIF: G66891185 Cod. Exp.: 2025000002130 Obxecto: Actividades Fundación Pazos Cuchillo Ano 2025	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total
Solicitante: FUNDACION RICARDO PEREZ Y VERDES NIF: G70382916 Cod. Exp.: 2025000002117 Obxecto: Actividades culturais e monográficas 2025	Non acadar un mínimo de 30 puntos na puntuación da Comisión Técnica
Solicitante: MUSEO ETNOGRAFICO MONTE CAXADO NIF: G70453535 Cod. Exp.: 2024000051397 Obxecto: Actividades culturais do museo etnográfico Monte Caxado para o ano 2025	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total
Solicitante: REAL E INSIGNE COLEGIATA DE A CORUÑA NIF: R1500251B Cod. Exp.: 2025000002120 Obxecto: Contratación dun guía para a realización de visitas guiadas á Colexiata de Santa María do Campo de A Coruña e ao su Museo da Arte Sacra	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total
Solicitante: UNION INTERNACIONAL DE MARIONETISTAS DELEGACION GALICIA NIF: G36158459 Cod. Exp.: 2025000002052 Obxecto: XIII Encontros Titiriteiros de Galicia - As Pontes 2025	Non acadar un mínimo de 50 puntos na puntuación total

Décimo.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 14 de xullo de 2025

O presidente,
Valentín González Formoso

O secretario,
Miguel Iglesias Martínez

2025/4713